

11 E 12 XANEIRO.....INQUEDANZA-ENTRE MANS

27 E 28 DE FEBREIRO .....MUSIK-VWALK

29 E 30 DE MARZO .....CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

31 DE MAIO .....TERESA NIETO EN COMPAÑÍA

SETEMBRO .....FÁBRICA DE MOVIMIENTOS / CAMÉLIA PROYECTOS COREOGRÁFICOS

12 E 13 DE DECEMBRO.....COMPANHIA PAULO RIBEIRO



TEATRO PRINCIPAL  
AUDITORIO DE GALICIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

2008 **OS**  
**OS**  
**OS**  
**DANZA**

  
**CONCELLO DE SANTIAGO**  
Concellaría de Cultura

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

 IGAEM | instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais

 REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

 CONSORCIO DE  
SANTIAGO

## Inquedanza-Entre Mans EN LA CUENCA DE TUS OJOS

COREOGRAFÍA E INTERPRETACIÓN: Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenía Martínez e Alexis Fernández



Todos os pecados do amor sen detalles, detalles sen amor, arrepentirse de falar, de quedar sen tempo, de gardarse dun mesmo, de dar as costas demasiadas veces.

Teño o son do seu corpo nos oídos

Qué fermoso o sangue tirando cara á confianza, achegándose aromático, pesado e quedo como mazás nunha cunca.

## Fábrica de Movimentos / Camélia-Proyectos coreográficos

Vera Santos e Susana Gaspar

PRODUCCIÓN: Fundação Calouste Gulbekian / PGCCA

### REGISTRO

COREOGRAFÍA E INTERPRETACIÓN: Susana Gaspar

Ollar ao vacío e ver deseños que se poden materializar coas pasaxes do corpo. Literalmente. Pasar no espazo para inscribir, volver invisíbel a idea de trazo, de forza, de ritmo e de dirección. Inventar unha linguaxe na que o corpo non teña movementos como prioridade, senón en consecuencia.

## AUSÊNCIA (MEMÓRIA DESCRITIVA)

COREOGRAFÍA E INTERPRETACIÓN: Vera Santos

Esta é unha creación reveladora da memoria dun adulto que, no límite, lévanos ás historias infantís e aos soños fantásticos no que estes teñen de limiar coa angustia e a memoria.



## AS ÁRVORES LIGAM OS PASSAROS À TERRA

COREOGRAFÍA E INTERPRETACIÓN: Susana Gaspar

«Na danza falamos de enraizar. Na vida falamos de encontrar as nosas raíces. Ou de permanecer de pé coma unha árbore. As árbores son corpos que se unen.

Unen os paxaros á terra. E a terra aos paxaros. E os paxaros sóltanse delas e voan por aí, unindo tódalas ramas onde xa estiveron pousados.

Hai quen di que levamos as árbores para a cidade para continuar unidos á terra de onde vimos. Outros din que tamén temos construído as cidades arredor das árbores -para elas no saír daí?-. Ou para ter a certeza de que aínda podemos, polo menos, chocar con elas.

Uhna unión existe polo menos como mínimo entre dúas cousas, pero existe tamén unha cousa que se encende e se ilumina. Podemos por iso preguntar o que fai un corpo para unirse, se ben o mais probábel é non ser posíbel expresalo con palabras.

Xa non sei o que é este corpo. Sei que pode desunirse de vez en cando, para despois construír novas unións.»

## Musik-Walk FOUR WALLS (ENCONTRANDO A CAGE)

DE Nicasio Gradaille / Olga Cameselle CON Nicasio Gradaille, PIANO; Cristina Barriga, SOPRANO; Olga Cameselle, DANZA; Carmela Bueno, DANZA; Olivia Maté, DANZA

John Cage escribe esta obra para unha coreografía de Merce Cunningham en 1944. Utiliza unha linguaxe que se adianta en case 30 anos ao minimalismo de Steve Reich ou Philip Glass. Mais con moita carga emocional. Nesta colaboración pretendemos unir a danza e a música contemporáneas dende unha perspectiva actual e persoal



## Companhia Paulo Ribeiro FEMENINE

DE Paulo Ribeiro CON Leonor Keil, São Castro, Elisabeth Lambeck  
COPRODUCCIÓN: Companhia Paulo Ribeiro, Culturgest e Centro Coreográfico Galego COLABORACIÓNS: Biarritz Culture, Festival Le Temps d'Aimer e Teatro Viriato

Paulo Ribeiro di: en que punto se sitúa a fricción que desencadea o sublime? Que presuposto encarna o movemento esencial? De que forma, escravos do tempo, podemos perpetualo?

Hai cuestións que nos acompañan sempre, hai persoas que están sempre presentes, hai dúbidas que non deben ser esclarecidas, elas son a razón para estar atento. Non son precisas respostas. Precisamos do encantamento, precisamos practicar a simplicidade para atinxir o fascinante da multiplicidade.

Apostamos, determinados na utopía como segredo de vida, deixamos o caos deleitarse sen recorrer ao ruído. Aproximarémonos á inmensa persoa de Pessoa, porque coma el calcamos nas mesmas pedras inconformados por continuarmos aquí!!!



## Teresa Nieto en Compañía NI PALANTE NI PATRÁS (NO HAY MANERA, OIGA...)

DE Teresa Nieto CON Jesús Caramés, Daniel Doña, Vanessa Medina, Teresa Nieto

*Ni palante ni patrás, ni chicha ni limoná, nin contigo nin sen ti, non hai maneira, oiga...*

Este espectáculo achéganos desde unha perspectiva irónica á sensación de confusión que se apodera de nós nos momentos de cambio, de ruptura, de desamor, de desapego, eses momentos nos que termina unha etapa da nosa vida pero aínda non empezou a seguinte. Unha desazón caótica e estéril mantenos ancorados nun punto fixo e impídenos iniciar novos camiños por medo a movernos na dirección equivocada.

Unha mirada conciliadora ás nosas fragilidades, ao absurdo dos nosos medos, ao sinsentido das nosas obsesións, á nosa incapacidade para percibir a realidade, nin contigo nin sen ti, *ni chicha ni limoná, ni palante ni patrás...*



## Centro Coreográfico Galego KIOSKO DAS ALMAS PERDIDAS

DE Roberto Oliván CON Fiumfoto, Mago Antón, Ruth D. Pereira, Baltasar Patiño, Mercedes Peón, Ana Beatriz Pérez Enríquez, Álvaro Esteban López, Anna Calsina Forrellad, Jordi Vilaseca Lorite, Hannah Shakti, Alexis Fernández, Kirenía Fernández, Gabriella Máthé, Nuria Sotelo, Lenka Bartunkova

O *Kiosko das almas perdidas* é un espectáculo híbrido de danza, teatro, música en directo, ilusionismo, vídeo e animación. A representación no escenario reflicte a situación metafórica duns individuos expulsados, desconectados e abandonados pola harmonía universal. A nova situación obrígaos a entender como reorganizarse, a atopar una nova fórmula de supervivencia.

Unha Forza Maior perdeu o control sobre eles e xa non queda ningunha outra solución que desfacerse deles. É así como estes personaxes se encontran nun lugar que non coñecen, nin recoñecen aos outros individuos que están nesa mesma situación.

Este é o punto de partida para unha nova xeración. Unha xeración de Almas Perdidas. Un estado no que cuestionarse persoal e colectivamente de xeito constante. Poñer en dúbida si o prioritario é a vida palpábel ou a vida paralela das ideas e desexos. Un estado de revolución espiritual onde o xa vivído pasa a ser unha premisa de validez cuestionábel.



TEATRO PRINCIPAL  
AUDITORIO DE GALICIA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
2008  
SCQ  
DANZA

11 / 12 XANEIRO (Teatro Principal) | 21:00 h

Inquedanza-Entre Mans  
EN LA CUENCA DE TUS OJOS

27 / 28 DE FEBREIRO (Teatro Principal) | 21:00 h

Musik-Walk  
FOUR WALLS (ENCONTRANDO A CAGE)

29 / 30 DE MARZO (Auditorio de Galicia) | 21:00 h

Centro Coreográfico Galego  
KIOSKO DAS ALMAS PERDIDAS

31 DE MAIO (Teatro Principal) | 21:00 H

Teresa Nieto en Compañía  
NI PALANTE NI PATRÁS  
(NO HAY MANERA, OIGA...)

20 / 21 DE SETEMBRO (Teatro Principal) | 21:00 H

Fábrica de Movimentos /  
Camélia-Proyectos Coreográficos  
REGISTRO / AUSÊNCIA (MEMÓRIA  
DESCRITIVA) / AS ÁRVORES LIGAM  
OS PASSAROS À TERRA

12 / 13 DE DECEMBRO (Teatro Principal) | 21:00 H

Companhia Paulo Ribeiro  
FEMENINE

Venda de entradas



e o mesmo día do espectáculo nos despachos de billetes do Teatro Principal e do Auditorio de Galicia de 12:30 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

**Prezos no Teatro Principal:**

Butaca, platea e primeira planta: 7 euros /  
segunda planta: 5 euros / anfiteatro: 3 euros

**Prezos no Auditorio de Galicia:**

Entrada única: 7 euros / Desconto do 50%  
para estudantes, xubilados e Carné Xove.